



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0057	Evacuación e traslado de pacientes	2025/2026	0	245	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LYDIA MARÍA ÁLVAREZ RILO, ALBA TOJEIRO FORMOSO (Subst.), JAVIER FRANCISCO BALADO CANTO (Subst.)
Outro profesorado	JAVIER FRANCISCO BALADO CANTO

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Acondiciona espazos de intervención, e analiza as características de contornos típicos de actuación.
RA2 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de pacientes, tras seleccionar as técnicas e os medios materiais necesarios.
RA3 - Aplica técnicas de conducción simulada, e relaciona o risco de agravamento das lesións do paciente coas estratexias de conducción.
RA4 - Transfire o paciente e transmite os datos salientables do seu estado inicial, das incidencias observadas e dos coidados prestados durante o traxecto.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Clasifícanse as situacións de emerxencia e avalíanse os riscos para as vítimas e para os equipamentos de actuación.
CA1.2 Descríbense os métodos e os materiais de seguridade e balizamento.
CA1.3 Realízase o balizamento da zona do incidente.
CA1.5 Elixíase o emprazamento do vehículo na posición e na distancia axeitadas para protexer as vítimas e a unidade asistencial.
CA1.6 Aplicáronse os procedementos de estabilización básica dun vehículo.
CA1.7 Dividíronse os sectores asistenciais con base na súa funcionalidade.
CA1.8 Descríbense e seleccionáronse os métodos de acceso a un paciente no interior dun vehículo, dunha vivenda ou dun local, ou dunha zona ao aire libre.
CA1.9 Identifícanse os procedementos de comunicación cos medios de rescate ante a imposibilidade de acceso seguro ao paciente.



Criterios de avaliación do currículo
CA1.10 Establecéronse as correspondentes noras de evacuación.
CA2.1 Identificáronse os medios materiais de inmovilización e mobilización das unidades asistenciais.
CA2.2 Describíronse os métodos de inmovilización segundo as potenciais lesións da persoa accidentada e as circunstancias do accidente.
CA2.5 Describíronse as medidas posturais para lle aplicar ao paciente sobre a padiola.
CA2.6 Describíronse os procedementos para asegurar unha maior confortabilidade do paciente durante o traslado na padiola da unidade asistencial.
CA2.7 Recoñecéronse e fixéronse todos os elementos susceptibles de desprazarse e producir un dano durante o traslado.
CA2.8 Describiuse a información que se lles debe proporcionar ao paciente e á súa familia sobre a posibilidade de uso dos sinais acústicos, o tempo aproximado de traslado e o hospital de destino.
CA3.1 Identificouse a información para o traslado do paciente ao centro sanitario de destino.
CA3.2 Seleccionouse a ruta en función do estado do paciente.
CA3.3 Tivéronse en conta os criterios de proximidade, estado da vía, saturación do tránsito e condicións climáticas.
CA3.4 Identificáronse as repercusións orgánicas que un traslado inadecuado pode ter na saúde do paciente.
CA3.5 Describíronse as principais causas de accidentes en vehículos asistenciais.
CA3.6 Realizáronse nun circuíto pechado as manobras de conducción, aceleración, desaceleración e xiro, evitando o risco de agravamento das lesións e posibles lesións secundarias do paciente, conforme a normativa.
CA3.7 Valorouse o uso dos sinais luminosos e acústicos segundo o estado de saúde do paciente e as condicións da vía.
CA3.8 Estableceuse o proceso de avaliación continua do estado do paciente.
CA3.9 Describíronse as condicións psicofísicas óptimas da conducción.
CA4.1 Identificouse a figura responsable da recepción do paciente.
CA4.2 Verificáronse os datos de identificación e o resultado da valoración do paciente.



Criterios de avaliación do currículo
CA4.3 Identificáronse as continxencias ocorridas durante o desprazamento ao centro asistencial.
CA4.4 Identificáronse e aplicáronse os procedementos de comunicación co centro asistencial.
CA4.6 Utilizouse o sistema de clasificación internacional de doenzas (CID) na emisión do informe baseado en signos e síntomas do paciente.
CA4.7 Elaborouse o informe para o responsable da triaxe hospitalaria.
CA4.8 Identificáronse e aplicáronse os procedementos de comunicación da información relacionada co traslado.
CA4.9 Definíronse os aspectos éticos e legais relacionados co segredo profesional.
CA4.10 Detalláronse os tipos de responsabilidade legal.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Acondiciona espazos de intervención, e analiza as características de contornos típicos de actuación.
RA2 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de pacientes, tras seleccionar as técnicas e os medios materiais necesarios.
RA4 - Transfire o paciente e transmite os datos salientables do seu estado inicial, das incidencias observadas e dos coidados prestados durante o traxecto.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.4 Identificouse a situación de risco previo ao inicio da asistencia sanitaria.
CA2.3 Aplicáronse técnicas de inmovilización preventiva do paciente.



Criterios de avaliación do currículo

CA2.4 Realizáronse operacións de traslado de pacientes desde o lugar do suceso ao vehículo de transporte.

CA4.5 Realizouse o informe de asistencia inicial e traslado.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

Considéranse mínimos os establecidos no correspondente Decreto 40/2010 e que se relacionan de seguido, e os criterios de cualificación que se seguirán son os seguintes, tendo en conta o artigo 14, sobre a avaliación e cualificación final das probas libres da ORDE do 5 de Abril de 2013:

RA 1. Acondiona espazos de intervención, e analiza as características de contornos típicos de actuación.

CA 1.1. Clasifícanse as situacións de emerxencia e avalíanse os riscos para as vítimas e para os equipamentos de actuación.

CA 1.2. Descríbanse os métodos e os materiais de seguridade e balizamento.

CA 1.3. Realizouse o balizamento da zona do incidente.

CA 1.4. Identificouse a situación de risco previo ao inicio da asistencia sanitaria.

CA 1.5. Elixíuse o emprazamento do vehículo na posición e na distancia axeitadas para protexer as vítimas e a unidade asistencial.

CA 1.6. Aplicáronse os procedementos de estabilización básica dun vehículo.

CA 1.7. Dividíronse os sectores asistenciais con base na súa funcionalidade.

CA 1.8. Descríbanse e seleccionáronse os métodos de acceso a un paciente no interior dun vehículo, dunha vivenda ou dun local, ou dunha zona ao aire libre.

CA 1.9. Identificáronse os procedementos de comunicación cos medios de rescate ante a imposibilidade de acceso seguro ao paciente.

CA 1.10. Establecéronse as correspondentes noras de evacuación.

RA 2. Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de pacientes, tras seleccionar as técnicas e os medios materiais necesarios.

CA 2.1. Identificáronse os medios materiais de inmovilización e mobilización das unidades asistenciais.

CA 2.2. Descríbanse os métodos de inmovilización segundo as potenciais lesións da persoa accidentada e as circunstancias do accidente.

CA 2.3. Aplicáronse técnicas de inmovilización preventiva do paciente.

CA 2.4. Realizáronse operacións de traslado de pacientes desde o lugar do suceso ao vehículo de transporte.



CA 2.5. Describíronse as medidas posturais para lle aplicar ao paciente sobre a padiola.

CA 2.6. Describíronse os procedementos para asegurar unha maior confortabilidade do paciente durante o traslado na padiola da unidade asistencial.

CA 2.7. Recoñecéronse e fixéronse todos os elementos susceptibles de desprazarse e producir un dano durante o traslado.

CA 2.8. Describiuse a información que se lles debe proporcionar ao paciente e á súa familia sobre a posibilidade de uso dos sinais acústicos, o tempo aproximado de traslado e o hospital de destino.

RA 3. Aplica técnicas de conducción simulada, e relaciona o risco de agravamento das lesións do paciente coas estratexias de conducción.

CA 3.1. Identificouse a información para o traslado do paciente ao centro sanitario de destino.

CA 3.2. Seleccionouse a ruta en función do estado do paciente.

CA 3.3. Tivéronse en conta os criterios de proximidade, estado da vía, saturación do tránsito e condicións climáticas.

CA 3.4. Identificáronse as repercusións orgánicas que un traslado inadecuado pode ter na saúde do paciente.

CA 3.5. Describíronse as principais causas de accidentes en vehículos asistenciais.

CA 3.6. Realizáronse nun circuíto pechado as manobras de conducción, aceleración, desaceleración e xiro, evitando o risco de agravamento das lesións e posibles lesións secundarias do paciente, conforme a normativa.

CA 3.7. Valorouse o uso dos sinais luminosos e acústicos segundo o estado de saúde do paciente e as condicións da vía.

CA 3.8. Estableceuse o proceso de avaliación continua do estado do paciente.

CA 3.9. Describíronse as condicións psicofísicas óptimas da conducción.

RA 4. Transfire o paciente e transmite os datos salientables do seu estado inicial, das incidencias observadas e dos coidados prestados durante o traxecto.

CA 4.1. Identificouse a figura responsable da recepción do paciente.

CA 4.2. Verificáronse os datos de identificación e o resultado da valoración do paciente.

CA 4.3. Identificáronse as continxencias ocorridas durante o desprazamento ao centro asistencial.

CA 4.4. Identificáronse e aplicáronse os procedementos de comunicación co centro asistencial.

CA 4.5. Realizouse o informe de asistencia inicial e traslado.

CA 4.6. Utilizouse o sistema de clasificación internacional de doenzas (CID) na emisión do informe baseado en signos e síntomas do paciente.

CA 4.7. Elaborouse o informe para o responsable da triaxe hospitalaria.

CA 4.8. Identificáronse e aplicáronse os procedementos de comunicación da información relacionada co traslado.

CA 4.9. Definíronse os aspectos éticos e legais relacionados co segredo profesional.

CA 4.10. Detalláronse os tipos de responsabilidade legal.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A proba organizarase en dúas partes unha teórica e outra práctica, que permitan evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe



establecidos para o módulo profesional.

a) Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

b) Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, se cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Cualificación final: A cualificación final correspondente da proba de cada módulo

profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais. Obterase mediante da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita de preguntas que versarán sobre criterios de avaliación do punto 2.1.2 do tipo:

- temas a desenvolver e/ou
- respostas curtas/palabras e/ou
- relacionar conceptos e/ou
- identificar imaxes e/ou
- tipo test.

As preguntas non contestadas non puntuarán negativamente.

As preguntas mal contestadas, sexan parte de temas, respostas curtas/palabras, relacionar conceptos, identificar imaxes ou tipo test, restará a terceira parte da cualificación numérica atribuída a esa parte.

A proba puntuarase de 0 a 10 e requirirase dun mínimo de 5 puntos para superala. Os decimais redondearanse desta maneira :

0 a 1,50 --> 1



1,51 a 1,99 --> 2
2,01 a 2,50 --> 2
2,51 a 2,99 --> 3
3,01 a 3,50 --> 3
3,51 a 3,99 --> 4
4,01 a 4,50 --> 4
4,51 a 4,99 --> 5
5,01 a 5,50 --> 5
5,51 a 5,99 --> 6
6,01 a 6,50 --> 6
6,51 a 6,99 --> 7
7,01 a 7,50 --> 7
7,51 a 7,99 --> 8
8,01 a 8,50 --> 8
8,51 a 8,99 --> 9
9,01 a 9,50 --> 9
9,51 a 9,99 --> 10

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

-Bolígrafo azul ou negro (non se permitirá o uso de correctores como goma de borrar, tippex)

Duración da proba:

-A duración da proba será como máximo de 120 min.

Normas:

- Non se poderá entregar o exame ata que transcurra a primeira media hora efectiva da proba.
- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comezada a proba.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar dispoñible enriba da mesa durante todo o exame.
- A ubicación durante a proba a determinará o examinador/a á chegada dos aspirantes.
- Non se permitirán acceso con bolsos, roupa e carpetas, que se deixarán na entrada da aula.



- Non se permitirá o uso de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.
- Queda prohibido sacar o exame da aula.
- Dende o inicio ata o final se debe permanecer en silencio.

4.b) Segunda parte da proba

Consistirá en supostos prácticos que versarán sobre criterios de avaliación do punto 2.2.2. Se valorará a elección correcta dos protocolos de actuación e a destreza na súa realización. O docente irá revisando in situ o desenvolvemento dos casos prácticos, anotando nunha rúbrica o nivel de consecución de cada unha delas. Cada suposto práctico valorarase de 1-10 e será necesario sacar un mínimo de 5 en cada un para superar esta proba. No caso de sacar un mínimo de 5 puntos en cada suposto práctico, a nota final da proba práctica será a media aritmética dos supostos prácticos. No caso de que por forza maior resultara imposible realizar os supostos prácticos, realizarase unha proba igual á da primeira parte, formada exclusivamente por cuestións prácticas.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo ou cores azul, negro, verde e vermello (non se permitirá o uso de correctores como goma de borrar, tippex).
- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo.
- Calquer material adicional que faga falla para o desenvolvemento da proba será aportada polo cento educativo.

Duración da proba: A duración da proba teórica será como máximo de 120 min.

Normas: non se permitirá o acceso á aula co teléfono móbil encendido nin reloxos intelixentes.